

Sonia María García García

UN AÑO NO CARBALLAL

DENDE A VIDA TRADICIONAL

AOS NOVOS TEMPOS **NO COUREL**



EDITORIAL CANELA
TRADICIÓN ORAL

Sonia María García García

UN ANO NO CARBALLAL

DENDE A VIDA TRADICIONAL AOS NOVOS TEMPOS NO COUREL

EDITORIAL CANELA
TRADICIÓN ORAL

ÍNDICE

SONIA DO CARBALLAL	15
<i>Uxío Novo</i>	
NOTA DA AUTORA	19
Agradecementos	22
O COUREL	25
Xeomorfoloxía e hidroloxía	29
Clima	31
Edafoloxía	31
Flora	32
Fauna	33
Poboación	34
Etnografía	38
Historia	39
O Courel hoxe	41
O CARBALLAL	45
Microtoponimia	52
As Casas	61
Arquitectura popular	66
A luz	77

A auga	81
Vías de comunicación	87
Historia	94
UN ANO NO O CARBALLAL	115
Xaneiro	122
Febreiro	153
Marzo.....	192
Abril	222
Maio	255
Xuño	297
Xullo	338
Agosto	346
Setembro	381
Outubro	388
Novembro	400
Decembro	412
ANEXOS	426
Unha ollada ao pasado	428
Breve glosario da fala local	449
Bibliografía	458

NOTA DA AUTORA

Coñecín O Courel na entrada dun novo milenio, enfocado principalmente cara ao mundo urbano mentres os espazos rurais esmorecen pola baixada da poboación, o envellecemento dos seus habitantes e unha decrecente importancia do sector primario na economía. Como consecuencia, Galicia, fértil en aldeas que ata hai só unhas ducias de anos se atopaban cheas de vida, contempla hoxe as ruínas nas que se converteron moitas delas.

Vivimos nunha sociedade en continuo movemento, na que a xente evoluciona máis rapidamente que nunca. O que hoxe é actualidade, mañá está superado. Iso supón unha reciclaxe permanente, enriquecedora a miúdo, esgotadora ás veces.

Con esa mentalidade, na que consciente ou inconscientemente vivimos inmersos os *urbanitas*, cheguei a estas terras. Pero tamén coa sensibilidade suficiente para apreciar outras realidades e outros ritmos de vida debido ao meu interese, aos meus estudos e a que xa coñecía o mundo rural, estrañándoo con forza mesmo cando me perdo na contemplación da inmensidade do océano que bica a cidade na que nacín.

Teño que dicir, non obstante, que a primeira vez que vin os bosques e as devesas do Courel, os soutos, os ríos e a súa beleza, marcou un antes e un despois na miña vida. Volvín posteriormente en moitas ocasións, pero nunca esquecerei aquel bautismo courelao. Ao longo do tempo coñecín tamén as súas aldeas, os seus castros e minas de ouro romanas, as pontes... Mais, por enriba de todo, descubrín ás súas xentes. E así, o que no principio era un fermoso decorado, cobrou a vida que lle dan os seus veciños. Porque O Courel que coñecemos é natureza, pero, sobre todo, é o froito da vida das mulleres e dos homes que o habitan dende hai milenios.

O Courel entrou asemade no século XXI e no terceiro milenio, mais a un ritmo menos acelerado que noutros lugares. Aínda non goza de servizos básicos e importantes que nas cidades temos sempre de man. Por iso reivindico dende esta obra, igual que por todos os medios que me dan voz, un plan

que consiga que esta comarca non quede ancorada no que foi, nin abalando entre o pasado e o futuro. Todos os que amamos esta terra temos a obriga de conservar o seu carácter e patrimonio, pero é un deber que ten que permitir que permaneza viva e que sexa dotada das melloras necesarias para a vida da súa poboación. É complicado, como en todas as comarcas do interior de Galicia, pero non imposible. O Courel chama berrando por todos nós.

Quen o coñece sabe que vivimos un momento de transición entre a vida tradicional, que desaparecerá coas xeracións de máis idade, e a modernidade, da que aínda están por verse os resultados. De calquera xeito, O Courel ten unha historia e unha tradición que non poden ser superadas para quedar no esquecemento. O progreso é posible e necesario, pero non hai a necesidade de borrar o que foi.

Nesta obra falarei do pasado, do presente e do futuro. Todo é importante. Afondarei na vida tradicional, porque é necesario que se entenda para construír un futuro que teña sentido e lle resulte propio, xa que ten a súa esencia, a súa pegada única e o seu por que. E, sobre todo, falarán os seus habitantes, que son os que lle dan valor maiúsculo a estas páxinas: testemuños, imaxes e sons dunha terra de máxima importancia natural e humana.

Para escribir este libro dun xeito rigoroso e exhaustivo, e para conseguir os documentos que o complementan, vivín no Courel. Collín as miñas cousas, o portátil, a cámara de fotos, unha gravadora, o meu gatiño Merlín para que me sacase os medos no silencio das noites e acompañase os meus días, empapeime de gañas de traballar e de ilusión, e propúxenme coñecelo inmersa nel. Integreime na veciñanza para coñecer de primeira man e con exactitude a súa realidade, chegando a saber todo o que os courelaos me quixeron contar do mundo que foi e vivindo en primeira persoa o que é hoxe.

Ao ser inabarcable residir en cada aldea, elixín unha delas que servise de exemplo, un lugar puro e pouco contaminado polas visitas de xente allea como é O Carballal. Evidentemente, cada sitio ten as súas propias historias e vivencias, os seus contos, e un vocabulario que varía con respecto aos demais. Ocorre dentro de cada familia e con cada persoa. Pero cheguei do particular ao global a través dun método indutivo, abarcando así unha información válida para todo O Courel e para boa parte da Galicia interior.

Coñecín O Carballal hai moito tempo. Lembro que foi nun día de outono, no que os castiñeiros estaban tinguidos dunha cor semellante á do ouro que partiu cara a Roma dende estas montañas hai case dous mil anos. Aquela xornada xa fixen amigos, e coñecín outras persoas que reencontrei ao facer o

traballo de campo desta obra, recollendo a súa memoria. Cando volvíñ para quedar fíxeno coas présas propias da cidade. Mais, pouco a pouco, asenteime e aprendín a vivir con máis calma, a falar tranquilamente cos meus novos veciños, a contemplar os trocos na luz do souto e a escoitar a avelaiona na noite, cun canto interrompido sempre por catro segundos, unha vez, vinte veces, cen... Souben observar un ceo cheo de estrelas, planetas e satélites, a Vía Láctea e ata o paso da ISS (a Estación Espacial Internacional), rapidísima se a comparamos coa velocidade das luceciñas intermitentes dos avións na noite. Ollei o luar reflectido na lousa dos tellados entrelazados da aldea e somerxinme na escuridade pecha das noites sen lúa. Pasaron os meses, a calor e os sons do verán, os magostos e as cores do outono, os fríos e as neves invernais, e o renacemento da primavera. Aprendín a poñerlle nome ás rochas, ás nubes, ás néboas, ás casas, ás leiras, aos camiños..., a tantas cousas que fixo falla esta obra para plasmalo case todo. E tamén, pouco a pouco, e sempre coidada e arroupada polos moradores do lugar, as portas das súas casas abríronse con cordialidade para min, entrando nelas con sumo respecto ata converterme nunha veciña máis.

Esta obra artículase nunha primeira visión global do Courel, un estudo feito polo miúdo no pobo do Carballal, a vida tradicional contada mes a mes e a fala propia (respectada nas citas das testemuñas) coas súas particularidades. Os textos enriquecécese coa recolleita de refráns, estrofas de cancións, oracións, adiviñas e parrafeos que forman parte da súa tradición oral, así como un glosario final con expresións e palabras escoitadas no lugar.

Lendo estas páxinas, aos foráneos seralles sinxelo facer un exercicio de empatía para metérense nos corpos e nas mentes da xente do Courel de hoxe e de onte. Entenderán a comarca, as súas necesidades e as potencialidades de futuro. Aos que están vinculados a estas terras, a obra resultarlles entretida e mesmo emocionante. Volverán ás súas memorias as vivencias propias. Para os investigadores do medio, da etnografía, da antropoloxía e da fala, será un instrumento válido de estudo.

Agardo, con ilusión, que o gocen plenamente.

O CARBALLAL





Vivendas, construcións adxectivas, prados, leiras, hortas, soutos, montes e antigas terras de labor configuran a Casa no Carballal [JMS-2020]

O lugar do Carballal
de lonxe parece vila,
ten un caravel na entrada
e unha rosa na saída.¹⁵

O Carballal forma parte do concello de Folgoso do Courel, que en conxunto ocupa unha extensión de 192,76 km² distribuídos en nove parroquias: Esperante, Folgoso, Hórreos, Meiraos, Noceda, Seceda, Seoane, Vilamor (á que pertence O Carballal) e Visuña. Eclesiásticamente pertence á parroquia de Vilamor (aínda que durante uns anos estivo ligado á de Parada dos Montes), da que tamén forman parte: A Campa, Castro Portela, Froxán, Mazo Santigoso, Vidallón, Vilar e Vilamor.

Atópase nun abrigo natural situado na parte alta dun val en forma de funil, parcialmente recheo de sedimentos, a case novecentos metros de altitude e orientado ao mediodía. Pequenas concavidades no terreo, lagoas nos altos cumios como O Pozo de Cervos (seca a maior parte do ano por colmataxe) e un terreo almofadado son pegadas do seu pasado baixo antigos xeos. En momentos periglaciares máis benignos, os depósitos estratificados de ladeira, presentes en toda a contorna, demostran que, durante un tempo, os procesos de xeo-desxeo foron tamén habituais. Máis tarde, a erosión fluvial actuou sobre o terreo, dando forma á paisaxe tal e como a vemos.

A aldea está rodeada de montañas agás pola parte sur que se abre cara ao val. Ao leste, o Alto da Golada, e cara ao norte e ao oeste, as alturas acubíllana nun arco no que destacan as que exceden os 1.000 metros de altitude, como son O Castelín (1.006 m), o Alto de Mergociños (1.027), A Golada de Miranda (1.019), o Alto da Golada (1.051), o Chao de Miranda (1.023) ou a Pena do Moucho (1.033). Dende aquí, e seguindo cara ao oeste, a Serra elévase aínda máis con alturas destacadas como O Carballo do Pito (1.199); A Pena da Lanza (1.175); A Pena dos Catro Cabaleiros (1.262), onde se xuntan os concellos de

15. A estrofa forma parte dun canto de seitura que «solo se cantaba na sega do pan e non se volvía a cantar en todo o ano», segundo lembra Juan.



Landras nun rebolo, rebola ou reboleira (*Quercus pyrenaica*) [SG-2017]

Folgo do Courel, A Pobra do Brollón, O Incio e Samos; o Alto do Pico (1.181); O Cornán; ou o Boi Branco (1.024), xa en descenso. Na parte oeste, entre a aldea e as montañas, existe outro arco interior que tamén a protexe, coa Campa Vella, preto dos 940 metros de altitude, e o Alto do Cabezón (986). Cara ao sur, como xa dixemos, abre o val, destacando no horizonte próximo a mítica Pena de Corvos (843 m), a chamada montaña do Lor e o val do río Sil, e chegan incluso a divisarse ao lonxe as altas serras da provincia de Ourense.

Se estreitamos aínda máis os seus límites, diremos que o lugar está situado entre o profundo corte da ferverza da Laxe da Lastra e o Pozo do Areal, e O Carrozo do Pozo, todas elas augas que se encaixan en lugares de fractura.

É importante sinalar que no seu territorio hai centos de fontes, a meirande parte de augas ferras.¹⁶ Por outra banda, nas montañas que o rodean nacen os regos, aquí chamados «carrozos», que alimentan o Regueiro do Mazo, afluente do Lor pola súa dereita.¹⁷

Os lugares máis próximos son Vilamor e Eiriz ao leste, Lousadela e Cortes ao norte, e Mazo Santigoso ao sur.

16. Estas augas levan ferro en suspensión porque atravesan vetas deste mineral.

17. *Mapa Topográfico Nacional*. Follas 156-II, 156-IV, escala 1:25.000.



O Carballal a vista de dron a finais da primavera [JMS-2020]

O Carballal pertence ao Courel Baixo e ten unha posición privilexiada grazas á orientación e altitude, polo que é dos lugares que máis rendeu agricolamente nesta área. Conta con razón Manolo Sánchez, da Casa do Xastre, como «nos séculos anteriores, a riqueza estaba na montaña, non na ribeira, porque na montaña había pan», referíndose ao cultivo do centeo. As aldeas próximas ao río tiñan a vantaxe da pesca para consumo e para a súa venda, pero máis seguridade daba ter pan na casa.

Dicen que teñen que teñen,
que carallo van a tere!
Un cachiño de pan seco
e non se pode comere.

O seu nome provén, sen dúbida, da vexetación arbórea dominante noutros tempos, aínda que aquí non aparece o carballo (*Quercus robur*), senón a

variedade chamada rebola, rebolo ou reboleira (*Quercus pyrenaica*), máis pequena en altura que o carballo e con follas pubescentes (cubertas cun pelo fino e suave) para protexerse do frío. Hoxe en día quedan poucos exemplares de rebolas, pois pola importancia que tiveron no Courel as ferrerías e as propias fraguas das aldeas, cortábanse polo pé para facer o carbón vexetal co que quentaban o ferro. Tamén hai outra especie da familia *Quercus*, con poucos exemplares localizados preto do Carrozo do Pozo, á que chaman albariñas (*Quercus petraea*), que non perde a folla ata que nace a seguinte polo seu carácter marcescente.

Chegados a este punto, temos que explicar unha circunstancia con respecto ao topónimo: o oficial é Carballal, pero os seus moradores, a xente do Courel e a da contorna, engádenlle normalmente un artigo, falando así de O Carballal, ou facendo as contraccións oportunas «no» Carballal, «do» Carballal, «polo» Carballal... Por iso neste traballo, que recolle o propio do lugar en todos os ámbitos, utilizaremos a forma O Carballal por ser esta a usada tradicionalmente polos habitantes da zona.

Sucedede igualmente co topónimo oficial O Courel que, como se observará, aparece nas citas das testemuñas que participaron nesta obra como O Caurel, ou simplemente Caurel, porque así o aprenderon dos seus antepasados.

Como no caso citado, transcribín literalmente as testemuñas dos informantes sen entrar en consideracións lingüísticas, xa que non é o meu cometido, senón describir a vida tradicional sobre a base das informacións das persoas.

O Carballal é un lugar «tipo» da Serra, de hábitat concentrado, pechado sobre si mesmo, con casas de pedra cubertas de lousa, unidas entre si, e «calexas» (rúas estreitas) co tamaño adecuado para o paso do carro. Está rodeado polas terras de cultivo, prados e soutos. A súa estrutura é consecuencia da dureza do clima, das características do solo, da topografía e do tipo de propiedade (minifundista) dunha economía tradicional baseada na gandería e no cultivo de autoconsumo, igual que o resto do Courel.


Mais, aínda que semelle unha aldea illada, sempre estivo moi vinculada ás da contorna: Parada dos Montes e Salcedo (pertencentes ao concello da Pobra do Brollón); Mazo Santigoso; os lugares do val do río Lóuzara e os seus afluentes, como son Cortes, Lousadela, A Casela (xa no concello de Samos) ou Seceda; ou do val do Lor: Vilamor, Froxán, Vilar, Eiriz, A Pendella, O Touzón, A Campa, Santa Eufemia, Castro Portela ou Folgoso.

A familia Vázquez, da Casa Lemeso do Carballal, principal informante desta obra, lembra vinte e tres veciños na aldea (o que equivale a vinte e tres



Soledad, Sonia (autora), Eladio e Juan na cociña da Casa Lemeso, onde se recolleu boa parte do contido desta obra que mostra o carácter e a idiosincrasia da vida nas montañas do Courel [JMS-2020]

casas abertas) e unhas cento cincuenta persoas, xa que a meirande parte das vivendas estaban habitadas por familias extensas. A súa avoa acordaba vinte e sete casas. Agora están abertas cinco todo o ano, cunha escasa ducia de persoas, aínda que sempre hai máis xente na aldea porque os herdeiros van e veñen mirar polas súas propiedades ou pasar uns días no ano, como ocorre en boa parte do Courel. Así pois, O Carballal é un lugar que padece, como todos os do interior de Galicia, de ter poucos veciños, cunha media de idade elevada e unha baixísima natalidade, mais arquitectonicamente consérvase bastante ben. Hai vivendas, palleiras, adegas, fornos e fraguas pechadas, pero non abandonadas. Son evidentes, pois, o envellecemento («A los ochenta, échame la cuenta», di Juan) e o despoboamento, pero non o abandono.



Este libro, homenaxe a unhas xentes que traballaron
duramente nunha terra senlleira da alta montaña
luguesa, xermolou no mes de San Xoán cando a
semente agroma nos eidos, as candeas alumean a vida
nos soutos, os animais pacen nos sollíos e os homes
protexen as súas casas e facenda de megallos e malas
fadas. Cando todo é aínda esperanza porque
O Courel non remata nunca.